



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 27 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:40 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: Blanca Laffon Lage, José Manuel Sánchez Santos, Anxo Calvo Silvana, Ignacio Delgado Ferreiro e Fernando Agrasar Quiroga.

1. Informe do Reitor

A seguir, os demais membros do equipo de goberno informaron dos asuntos correspondentes ás súas áreas.

O reitor

O reitor informou da reunión da CRUE na que se fixo balance das negociacións pendentes cos ministerios, agora truncadas pola convocatoria electoral. Había unha proposta de Decreto avanzado de estatuto do PDI (creando as figuras de profesorado en formación e resolvendo a cobertura de necesidades de profesorado por tempo limitado). Creáronse tres grupos de traballo: un para a reformas o RD 13/1993 (títulos), outro para profesorado e internacionalización e un terceiro sobre financiamento e prezos públicos.

As propostas do Ministerio sobre financiamento eran moi ambiciosas: sobre prezos públicos, no proxecto de orzamento xa ía a igualación das taxas dos mestrados públicos, avaliando o custo de igualar mestrados e graos. Este grupo de traballo tiña tamén a vontade de avanzar cara a gratuidade da primeira matrícula (o que suporía un custo aproximado de 1.000 millóns de euros/ano) ben como de facer un estudo sobre mecanismos de financiamento universitario, apostando o MECED por un sistema similar ao galego: estrutural e resultados, aínda que con maior importancia do estrutura.

Sobre a negociación con CEDRO, dou conta de que as universidades xa teñen un acordo para pagar por dereitos de autor 3,2 millóns de euros a CEDRO e a VEGAP. Este ano estase negociando o pagamento de 3 millóns só polo uso das plataformas moodle (nas que se pode pendurar unha parte da obra, mais non a obra completa).

Sobre o novo sexenio de transferencia, informou que se presentaron 17.000 solicitudes que serán avaliadas por máis de 100 expertos.

Dou conta tamén doutros asuntos como o seminario internacional sobre Vargas Llosa, a celebrar na nosa universidade o 22 de marzo e a dimisión como membro do Claustro e do Consello de Goberno de Miguel Muñoz Cantero. Indicou que non se vai proceder á súa substitución, dada a inminencia da constitución do novo claustro e da subseguinte escolla dos representantes do PDI no Consello de Goberno.

Quixo facer unha mención especial a Xosé Portela, representante do PAS no Consello, para agradecer o seu labor de defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras e a súa lealdade á institución. Xosé Portela toma a palabra para agradecer a intervención do reitor,

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		





expresa a súa satisfacción polos 35 anos de servizo á institución e di marchar contento por representar o PAS durante todo este tempo, agradecendo que a despedida se faga estando aínda en activo ... e expresando o seu desexo de que a vacante se cubra canto antes!

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa dos seguintes asuntos:

- 20/02/2019. Emitiuse informe favorable ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación sobre a prórroga por 12 meses da comisión de servizos que fora aprobada polo Consello de Goberno do 29/10/2018 a dona Marta Sobrido Prieto. Esta comisión de servizos foi concedida polo ministerio para un período de 3 meses prorrogables.
- 21/02/2019. Autorizouse a contratación por lista de agarda 18/7009 dun profesor contratado interino de substitución P06 na área de coñecemento de Didáctica da Lingua e da Literatura para cubrir a petición de redución de xornada dunha profesora que ven de reincorporarse dunha baixa de IT. O contrato estará vixente para este curso académico mentres se manteña a redución de xornada.
- 21/02/2019. Autorizouse a contratación por lista de agarda 18/1206 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución P04 na área de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade para cubrir as necesidades docentes motivadas pola solicitude de suspensión de contrato dunha profesora da área. O contrato estará vixente para este curso académico mentres se manteña a suspensión do contrato.
- 22/02/2019. A COAP acordou a autorización das seguintes venias docentes:

PERSOA PROPOSTA	CENTRO	CURSO ACADÉMICO	MATERIA	DEPARTAMENTO QUE EMITE O
Escurido Calvo, Manuel	EU de Relacións Laborais	2018/19	660G01027 Economía do Traballo	Economía
Ramos Souto, Marcos	EU de Relacións Laborais	2018/19	660G01010 Teoría das Relacións Laborais	Dereito Público
Pérez Santalla, Iago	EU de Relacións Laborais	2018/19	660G01010 Teoría das Relacións Laborais	Dereito Público
Soneira Lema, Susana	EU de Relacións Laborais	2018/19	660G01033 Políticas Sociolaborais	Dereito Público

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		





A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Informo da publicación da Resolución reitoral de adxudicación da Convocatoria de dúas bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da Universidade da Coruña na Unidade de Teleformación, curso 2018/2019. Publicouse tamén a convocatoria para o programa de intercambio SICUE para o curso 2019/2020.

Neste consello de goberno íanse presentar as táboas de ponderacións dos graos e o acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do sistema universitario de Galicia, curso 2019/2020, pero debido a leves discrepancias nunha interpretación non se pode traer a este Consello de Goberno e esperamos que se podan traer ao seguinte. Tamén detectáronse algúns erros na táboa de ponderación enviada desde a CIUG: no Grao de Fisioterapia e nos graos de Filoloxía que foron detectados e corrixidos.

Na Comisión de Extensión Universitaria, celebrada o 22 de febreiro informouse favorablemente da instrución que establece o procedemento e prezos das prazas vacantes nas residencias públicas da Universidade da Coruña.

Con respecto ás actividades culturais, o Centro Cultural Universitario do Campus de Ferrol acolle a exposición “Boix – Fotógrafo de Mauthausen” que poderá visitarse, ata o vindeiro 7 de marzo.

A sala de intervención cultural da Universidade da Coruña, NORMAL, acolle a exposición EXIT. Camiñando coa pintura e poesía_ARTencontros. Esta mostra está baseada no traballo feito no obradoiro de creación gráfica, pictórica e audiovisual a partir da poesía de Eva Veiga, nun traballo dirixido por Gosia Trebacz, que á súa vez é a comisaria da exposición.

Con motivo da celebración, o 11 de febreiro de 2019, do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña e o grupo de investigación Neurocom organizou, en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses e a agrupación UDC-BigBang, unha Xornada Científica na DOMUS.

Quero agradecer a Juan Casto Rivadulla Fernández, o seu apoio á Unidade de Divulgación Científica e Cultural durante estes meses.

O Campus de Ferrol acolleu o xoves 14 de febreiro, a Gala do Deporte Universitario. Entregouse o X Premio UDC Deportes ao adestrador do Club Voleibol San Sadurniño, Juan Carlos Suárez Castelo “Charly”, elixido por unanimidade polo xurado deste premio.

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		



De seguido, a **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

Publicouse a convocatoria para que persoal de universidades estranxeiras poidan acudir á Staff Week que a UDC organiza do 6 ao 10 de Maio. O programa preliminar inclúe visitas aos centros da UDC, un curso básico de lingua española, conferencias e visita ao Campus de Ferrol, entre outras actividades.

Co fin de potenciar a mobilidade do PDI e do PAS, aumentamos os fondos concedidos polo proxecto Erasmus 18-20 na convocatoria do devandito persoal.

A ORI deseñou un Plan de Medidas Correctoras para mellorar a xestión dos proxectos de mobilidade Erasmus+ en base aos resultados da Auditoría de Sistemas levada a cabo polo SEPIE. Ditas medidas serán aplicadas por todo o persoal da ORI nas diferentes fases de xestión das mobilidades.

Convocouse a primeira edición do premio Profesorado Internacional, co fin de recoñecer o esforzo do profesorado pola internacionalización da UDC, tanto na promoción do uso do inglés como lingua vehicular, o desenvolvemento de actividades multiculturais, a difusión dos programas de mobilidade internacional, entre outros. O premio ten unha dotación económica de 1500€ e ademais financia unha estadía nun destino da elección do premiado no que actuará como “embaixador” da UDC.

Bolsas Santander Erasmus: De acordo co convenio entre a UDC e o Banco Santander, publicáronse 54 bolsas para os estudantes que obtiveron unha bolsa Erasmus+ de estudos ou prácticas para o curso 19/20. O importe total das bolsas ascende a 21550€. Estas bolsas complementan as que xa ofrecía o Banco Santander para a mobilidade bilateral con países iberoamericanos.

A UDC solicitou o novo proxecto de mobilidade Erasmus+ KA103 para mobilidades de estudos, prácticas, formación de persoal e docencia en países do programa. As mobilidades comprenden desde xuño 2019 ata maio 2021 e o proxecto contempla: 500 mobilidades de estudo, 60 de prácticas, 60 de docencia e 30 de formación de persoal.

Tamén solicitamos o novo proxecto de mobilidade Erasmus+ KA107 para mobilidades de estudos, formación de persoal e docencia en países asociados. As mobilidades comprenden desde agosto 2019 ata xullo 2021. A subvención total solicitada ascende a 667.465€ para vinte países.

Dentro dos subprogramas Erasmus para proxectos *Capacity Building* a UDC solicitou cinco proxectos máis un do subprograma *European Maritime and Fisheries Fund* e unha cátedra Jean Monet. Estas solicitudes contaron co apoio dun técnico da Oficina de Relacións Internacionais.

Abriuse o prazo de solicitudes para a *International Summer School*, que terá lugar do 22 de xullo ao 2 de agosto. Ofértanse 26 cursos de diferentes temáticas. O prazo de solicitudes xerais termina o 3 de abril e o prazo de solicitudes para as 20 bolsas dispoñibles termina o 28 de febreiro.

Asistimos en Bruselas ao ACA European Policy Seminar “What’s new in Brussels?” o 1 de febreiro onde se nos informou entre outras cuestións da futura situación dos estudantes ante un posible Brexit sen acordo. O próximo 14 acudiremos a unha reunión entre CRUE e Ministerio sobre os distintos escenarios ante os que nos encontramos.

Dentro do PALDI, convocáronse dous cursos de pronunciación e inglés para a docencia no centro de linguas que comezaron o pasado luns 25 de febreiro. Nesta liña, o profesorado con

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		



docencia en inglés tamén poderá asistir a talleres de seguimento para a mellora da súa docencia (os denominados “follow ups”).

No ámbito do Premio IACOBUS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS 2018/2019, na UDC foron seleccionadas catro candidaturas de artigos científicos dos seguintes autores: Verónica Bolón Canedo; Blanca Laffon Lage; Eduardo José Pásaro Méndez e Carlos Vázquez Cendón. Dende aquí queremos expresar a nosa felicitación a os premiados.

Oficina de Cooperación y Voluntariado

A OCV realizou dous cursos de formación básica para o voluntariado de nova incorporación para este segundo cuadrimestre, cubrindo un total de 58 prazas.

Iniciouse a incorporación do voluntariado a proxectos, tanto novos como xa existentes.

O grupo de sensibilización organizou a terceira entrega do ciclo *Concienciarte*, no que se propuxo un documental para favorecer a conciencia crítica do alumnado en temáticas relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento. Este grupo en Ferrol realizou o cine-debate: “Mutilación Xenital Feminina”, para sensibilizar sobre esta temática.

Publicáronse as convocatorias de Proxectos de coñecemento da Cooperación (para PAS e PDI) e a de Proxectos de coñecemento da Realidade (para o alumnado) nas que se favorece a participación da comunidade universitaria en proxectos de cooperación en países en desenvolvemento.

Publicamos á memoria anual da OCV do ano 2018. Queremos expresar publicamente o noso recoñecemento ao persoal da OCV e a o seu director, Jesús Cendán, polo enorme traballo que fan tanto na área da formación, da sensibilización da sociedade, o no ámbito da cooperación a través das distintas accións e participacións en redes e en colaboración cos distintos axentes sociais da nosa contorna. A memoria pode consultarse na seguinte ligazón https://www.udc.es/export/sites/udc/ocv/_galeria_down/memoriasocv/Memoria-de-actividades-2018.pdf_2063069239.pdf

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

Os días 30 de xaneiro e 18 de febreiro mantivemos sendas reunións na Secretaría Xeral de Universidades para tratarmos de distintos temas como o seguimento dos traballos que se están facendo nas comisións das titulacións multiplicadas con demanda. Na última reunión nos pediron que se publiquen canto antes as táboas de recoñecementos que se acordaron no seo das devanditas comisións. Tamén nos fixeron saber que haberá un incentivo económico para todos aqueles graos que soliciten unha mención. Teñen 200.000 euros reservados. Ante a pregunta de se isto obrigaba a presentar a modificación para este curso académico, se nos contestou que tamén poderían acollerse a este incentivo aqueles que manifestasen o seu compromiso de presentar as mencións para o próximo curso. Seguen a insistir moito en que na medida do posible se soliciten mencións para os graos. Como hai comisións que xa desde o principio desbotaron esa idea, agora xa se nos dixo que non era necesario acadar un consenso dentro desas comisións, senón que aceptarían as propostas que de xeito individual se lles fagan chegar. Outro dos puntos que se tratou foi o caso das enxeñarías con baixa demanda. O

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		





grado da UDC en Enxeñaría de Obras Públicas, que era o que corría certo risco, ten de momento garantida a súa continuidade.

Como novidade mencionar que nos remitiron un borrador de resolución pola que se ditan as instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema Universitario de Galicia. Como novidades, está o feito de que as universidades poderán reducir o número de prazas por un exceso de oferta e cando a taxa de graduación sexa sistematicamente inferior ao 35% durante os últimos 3 cursos. Estas prazas poderanse recuperar no caso de que se considere necesario, por exemplo, que haxa unha maior demanda nesa titulación. Tamén está previsto que se poida aumentar o número de prazas, pero se impoñen certas condicións: a demanda e a necesidades sociais, número de egresados (cando sexa do 50% ou superior), taxa de empregabilidade e cotización á seguridade social. Este documento está aínda en fase de elaboración, pois as universidades achegamos distintas consideracións, cuxa inclusión terán que estudar.

Na próxima reunión estaremos xa presentes os tres vicerreitores das universidades do SUG, e se negociarán e previsiblemente se acordarán as titulacións que irán a verificación este curso. Lémbrolles que temos pendentes o grado en Nanociencia e Nanotecnoloxía e tamén o máster en Enxeñaría Aeronáutica.

- O día 20 de febreiro celebrouse unha reunión con todos/todas os/as responsables de calidade dos centros, na que se trataron distintos temas relacionados cos procesos de acreditación e seguimento dos títulos, da acreditación institucional e na que se avanzou a nova aplicación que se vai poñer en marcha para o Sistema de Garantía Interna de Calidade dos Centros.

- O día 22 de febreiro publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial a II convocatoria de MOOCs, na que vos animo a participar. O prazo para presentar os proxectos rematará o luns 26 de marzo. Como novidade salienta que este ano imos admitir un máximo de 3 proxectos.

- O pasado luns, tiveron unha reunión cos secretarios xerais das Universidades de Santiago e Vigo, para intentarmos unificar o calendario académico das tres universidades.

O **vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

O pasado 5 de febreiro fíxose a xustificación das actividades de patrocinio do Banco Santander. Este ano presentáronse novas actividades e na que inclúense accións por parte das diferentes vicerreitorías como Internacionalización e cooperación; Campus de Ferrol e Responsabilidade social; Estudantes, participación e extensión universitaria; Oferta académica e innovación docente; Reitoría (area TIC) e a coordinación de esta vicerreitoría. Cumpríronse os obxectivos acadados xa que o que mais se valora ademais da execución económica dos diferentes programas e a

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		



visibilidade das actuacións nas que destacan sobre todo as relativas a estudantes o programa Espazo Compartido.

Desestiman o recurso presentado ante o TEAR (Tribunal económico-administrativo rexional de Galicia) tanto do IVE de 2013 como do IVE do ano 2014. Como no caso do IVE do ano 2012, o que se ben a dicir é que a investigación básica non constitúe actividade empresarial polo que quedaría fora do aplicación do imposto naqueles casos nos que o desenvolvemento de proxectos de investigación se efectúan sin o propósito de explotar empresarialmente os resultados e a entidade non aporta ningún elemento para acreditar o carácter empresarial da investigación básica.

Vaise continuar coa revisión da clasificación económica do manual de xestión orzamentaria. Agora habería que revisar as partidas de ingresos e os gastos (gastos de persoal), 8 (variación de activos financeiros) e 9 (variación de pasivos financeiros).

Validacións e imputacións

Hoxe é a primeira CAE sen papel xa que deu comezo o procedemento electrónico de validacións, imputacións e contabilización de expedientes de gasto. Hai que agradecer o traballo realizado pola miña secretaria quen está a realizar unha labor moi profesional. O resumo que quedaría é o seguinte:

- a) Total Validado: 651.767,90€
- b) Total imputado (1/2019 y 2/2019): 4.492,67€+ 35.681,62€=40.174,29€

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- *Xornadas estatais de Enxeñaría Industrial*

A pasada semana tiveron lugar en Ferrol as IX Xornadas Estatais de Enxeñaría Industrial organizadas pola Delegación de Alumnos da Escola Politécnica Superior.

Dende o xoves ó sábado reuníronse en Ferrol preto de 80 estudantes procedentes de distintos puntos de España.

No programa de actividades desenvolvéronse conferencias plenarias e mesas redondas nas que participaron ademais de profesores da UDC, representantes de empresas do ámbito industrial. Tamén os participantes tiveron ocasión de participar en obradoiros e visitar distintas instalacións industriais.

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	7/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		



- *Liga lego*

O Auditorio de Ferrol acolleu o sábado 16 de febreiro a quinta edición da competición *FIRST LEGO League Galicia*, que organiza a Universidade da Coruña. Este torneo clasificatorio dá o pase ao torneo nacional que terá lugar en Tenerife os días 23 e 24 de marzo.

Este ano conseguíuse un récord de participación con 37 equipos e mais de 300 estudantes de distintas partes de Galicia e Asturias.

Pola tarde, os asistentes á *FIRST LEGO League Galicia* visitaron o Campus de Ferrol e algúns dos seus laboratorios e talleres, nunha xornada de portas abertas.

Todo isto foi posible a implicación do coordinador o profesor José Antonio Becerra que contou coa axuda de mais de 80 voluntarios entre PDI, PAS e estudantes

- *Premios UDC Deportes*

O xoves 14 de febreiro, celebrouse en Ferrol a Gala do Deporte Universitario. Na que se entregou o X Premio UDC Deportes ao adestrador do Club Voleibol San Sadurniño e titulado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC, Juan Carlos Suárez Castelo.

Ademais deste premio, neste acto tamén recoñeceuse o labor dos e das deportistas universitarios máis destacados o pasado curso nas Ligas Universitarias, nos campionatos internos e campionatos de España.

O **xerente** informa dos seguintes temas:

ELECCIÓNS SINDICAIS UDC: PDI FUNCIONARIO, PDI LABORAL E PAS LABORAL 09-05-2019.

Mediante escrito do 25 de xaneiro a representación das organización sindicais sector ensino de ámbito Galicia, comunicou a esta universidade que o día 15 de xaneiro asinaron un acordo de ordenación dos diferentes procesos electorais de PDI e PAS das tres universidades galegas. O día 1 de febreiro presentáronse os preavisos ante a Autoridade Laboral da Coruña correspondentes aos procesos electorais de PDI funcionario, PDI laboral e PAS funcionario na Universidade da Coruña.

Deste xeito, estableceuse un calendario que se inicia o día 7 de marzo coa constitución das mesas coordinadoras e entrega dos censos ás organizacións sindicais e que rematará o día 9 de maio coa votación.

Representantes da Xerencia e da Vicerreitoría de Profesorado tiveron dúas reunións coa representación das organización sindicais: os días 15 e 18 de febreiro. O día 18 asinou un Acordo de organización do proceso selectivo na UDC.

IVE 2012: RECURSO ANTE A AUDIENCIA NACIONAL

IVE 2013 E 2014: RECURSO DE ALZADA ANTE O TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DE GALICIA

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		





Por Resolución do Tribunal Económico Administrativo Central do Ministerio de Facenda do 12 de decembro de 2018, desestimouse a reclamación económica administrativa formulada por esta universidade contra a liquidación do IVE do exercicio económico do ano 2012.

Contra a dita resolución interpúxose en tempo e forma o correspondente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. No momento que proceda, formularase a demanda.

Por Resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia do Ministerio de Facenda do 24 de xaneiro de 2019, desestimouse a reclamación económica administrativa formulada por esta universidade contra a liquidación do IVE dos exercicios económicos dos anos 2013 e 2014.

Presentarase recurso de alzada ante o Tribunal Económico Administrativo Central.

ADXUDICACIÓN SEGURIDADE

O pasado día 14 de febreiro asinouse o contrato coa nova empresa de seguridade e vixilancia da UDC: denominada PYCSECA-PREGECSA.

Despois de que o “Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales” desestimara por resolución do 01-06-2018 o recurso contra os pregos reguladores, e de que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia desestimara por resolución do 17-12-2018 o recurso contra a proposta de adxudicación e por resolución do 12-02-2019 o recurso contra a adxudicación.

A empresa nova iniciará a prestación dos seus servizos o vindeiro día 1 de marzo. Informarase a todos os centros esta circunstancia así como os novos teléfonos e demais datos de contacto.

ACORDOS:

1. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 30 de xaneiro de 2019
2. Aprobáronse os contratos e convenios (7 marco, 11 específicos e 72 de prácticas)– **anexo III**
3. Aprobouse a proposta de cambio de denominación do Dpto. de Computación polo de Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información con efectos do 01/09/2019 – **anexo IV**
4. Aprobouse o procedemento de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso 2019-2020 – **anexo V**
5. Aprobouse a proposta de convenio de colaboración entre a UDC y *la Unidad de Fuerza Logística Operativa del Ejército de Tierra* – **anexo VI**
6. Aprobouse a proposta de Código ético de investigación da UDC – **anexo VII**
7. Aprobouse a proposta de Regulamento do viveiro de empresas – **anexo VIII**
8. Aprobouse o Manual de acollida de novos investigadores – **anexo IX**
9. Para o nomeamento de representantes no Consello de Participación do Laboratorio Universitario de Participación da UDC acordouse o nomeamento como representante de estudantes de Carlos Nogueira Souto e como PDI María Mar Rodríguez Romero do

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		





Departamento de Pedagogía e Didáctica. Queda vacante o representante de PAS, por petición dos representantes de PAS, á espera das próximas elección sindicais.

10. Aprobouse o nomeamento como coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural de María Cristina Naya Riveiro do Departamento de Pedagogía e Didáctica.
11. Aprobouse a proposta de convocatoria de concurso de mobilidade do corpos docentes universitarios con 2 votos en contra, - **anexo X**
12. Aprobouse a proposta de nomeamento da comisión de selección praza Axudante doutor por recusación – **anexo XI**
13. Aprobouse a proposta de autorización de licenzas que figura como **anexo XII**
14. Aprobouse a proposta de modificación do Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña - **anexo XIII**
15. Aprobouse a proposta de Oferta de Emprego Público de PDI ano 2019 – **anexo XIV**
16. Proposta de procedemento para a elaboración do PDA do curso académico 2019/2020 – **anexo XV**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:44 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo: <https://tv.udc.gal/video/5c9a0f0d11cad1e47b8b4620>

(coa pegada dixital SHA-1: E4358F54FBEOC4836E2898DD192AA352FA69176).

Código Seguro De Verificación	50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/04/2019 10:25:32
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	04/04/2019 08:35:57
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qhOnEjsUWC0kDJ6jx4sA==		

